



Semana Santa

Lugo
2026

Declarada de Interese Turístico Galego



Queridos irmáns,

Celebramos un ano máis a Semana Santa, a gran obra da nosa salvación. E nesta ocasión facémolo interpelados particularmente pola situación actual do mundo, que, en palabras do concilio Vaticano II, móstráenos ao mesmo tempo poderoso e débil, capaz de realizar o mellor e o peor, de converter as grandes forzas de que dispón en instrumentos de axuda ou de opresión, de fraternidade ou de odio (GS 9).

A nosa conciencia interrógase ante os desequilibrios que sofre a nosa sociedade, manifestos do modo peor nas guerras que se multiplican nestes momentos. Pero estes desequilibrios non son só externos, están relacionados con aquel outro desequilibrio máis fundamental que ten as súas raíces no corazón do home, teñen que ver connosco. De feito, no íntimo de cada un brota unha pregunta: cal é o sentido da dor, do mal, da morte, que a pesar de tantos progresos continúa subsistindo, que os uns causamos aos outros? Para que vitorias logradas a tan caro prezo? (GS 10).

O suceder dos acontecementos non basta para respondernos; en cambio, fai patente a todos que, a pesar do crecemento do poder humano e da tecnoloxía, non somos deuses, non estamos por encima da lei moral, non podemos dispoñer do ben e do mal, da dignidade e da vida dos demais.

Nós sabemos que, en realidade, os enigmas da vida e da morte, da culpa e da dor só atopan resposta en Cristo; só á luz da súa Palabra e a súa compañía esclarecese o camiño do home, a súa dignidade e o seu destino. Necesitamos de Deus, levar o Evanxeo no corazón.

Por iso, queremos celebrar e anunciar publicamente en Semana Santa que Cristo, morto e resucitado por todos, abre os camiños da salvación; que El libera aos homes do pecado, da división que reina no seu corazón, faios capaces de vencer a inclinación ao mal, abre a todos horizontes de vida e non de morte.

Vivamos con esta conciencia a Semana Santa deste ano; para que, acompañando ao Señor Xesús na súa Paixón, Morte e Resurrección,

resoe en nós tamén o seu saúdo pascual: A paz estea convosco (Xn 20,19.21) Como nos lembra o Papa León XIV, esta palabra do Resucitado non é só un desexo, senón que doa realmente paz ao corazón de quen o acolle: “unha paz desarmante, humilde e perseverante”, que vén de Deus, que ama a todos e quere que todos se salven.

Nas nosas celebracións non nos refuxiaremos en cousas e tempos pasados, non falaremos só de recordos do Señor Xesús. El está presente, coa forza da súa Paixón e a vida do seu Espírito, e renova á Igrexa, consola a quen se confía a El, pode soste e dar esperanza a un mundo canso, ferido ou desorientado.

Vivamos estes días con devoción verdadeira, mirando á Cruz de Cristo, para recibir do seu Corazón a graza de confiar e obedecer sempre ao designio do Pai, contra as tentacións e os poderes deste mundo.

Permanezamos unidos a Xesús, que nos coñece e morreu por cada un de nós. El dános a súa paz, que resplandece na súa resurrección, e axúdanos a facela presente no grande e no pequeno, con escoita e apertura á verdade, con respecto, proximidade e servizo.

O testemuño dado publicamente esta semana Santa, coas nosas celebracións, procesións e actos públicos, será particularmente elocuente nestes momentos. Porque o amor a Deus e ao próximo, como o vemos realizado en Cristo, é o primeiro e o maior dos mandamentos, e cumprilo resulta indispensable e moi urxente neste mundo noso cada vez máis poderoso e tamén máis fráxil, menos atento ás persoas (GS 24).

Nestes días solemnes de oración, pidamos especialmente a intercesión da Santísima Virxe María, Raíña da Paz, polos pobos que sofren polas guerras, pola violencia e a inxustiza.

E que a nós nos consiga a graza de camiñar con fe tras os pasos do seu Fillo, de ser verdadeiros discípulos seus e testemuñas do seu Evanxeo, principio de paz, de fraternidade e esperanza para o mundo enteiro.

+ Alfonso Carrasco Rouco
Bispo de Lugo



Itinerarios das procesións

Domingo de Ramos (29/03)

A BORRIQUIÑA

Saída da igrexa de San Froilán – Praza do Ferrol, San Marcos, Santo Domingo, Armanyá, Conde Pallares, praza Maior, praza de Santa María (Bendición de Ramos), praza Maior, Raiña, Santo Domingo, Armanyá, Conde Pallares, praza Maior, Raiña, San Marcos e remate diante da Deputación Provincial.

VIRXE DAS DOLORES

Saída do convento dos Franciscanos – Praza Maior, Conde Pallares, Doutor Castro, praza Maior, San Pedro, Progreso, Xoán Montes, Raiña, praza Maior e remate diante do convento dos Franciscanos.

Luns (30/03)

VIRXE DA ESPERANZA

Saída da igrexa da Nova por Anxo Fernández Gómez, Campo Castelo, Ronda da Muralla, Bispo Aguirre, fondo da praza Maior, Conde Pallares, Santo Domingo, Raiña, praza Maior (diante do Concello) e remate na praza Anxo Fernández Gómez.

Martes (31/03)

BO XESÚS

Saída da Catedral, Bo Xesús, praza de Santa María, Casas Novoa, praza Maior, Conde Pallares, Armanyá, praza de Santo Domingo, Raiña, praza Maior, Casas Novoa, praza de Santa María, Bo Xesús e Catedral.

Mércores (01/04)

CRISTO DO PERDÓN

Saída da Catedral, Bo Xesús, praza de Santa María, Casas Novoa, praza Maior, Raiña (Vía Crucis), Santo Domingo, Armanyá, Lois Peña Novo, Santo Domingo, Raiña, praza Maior por diante do Concello, Casas Novoa, praza de Santa María e remate en Catedral.

Xoves (02/04)

SANTA CEA

Saída da Catedral por Pío XII, Bo Xesús, praza de Santa María, praza Maior por Franciscanos, praza de Anxo Fernández Gómez, rúa San Pedro, praza Maior por diante do Concello e Franciscanos, Casas Novoa, praza de Santa María, Bo Xesús e remate na Catedral.

Venres (03/04)

SANTO ENTERRO

Saída da capela da Soidade – Praza da Soidade, Lois Peña Novo, Armanyá, Conde Pallares, fondo da praza Maior (xúntanse ás outras confrarías cos seus pasos desde a praza de Santa María), praza Maior, Raiña, Santo Domingo, San Marcos, Bolaño Rivadeneira, Quiroga Ballesteros e remate no fondo de Santo Domingo (Praza de Abastos)

AS CALADIÑAS

Saída da capela da Soidade – Praza da Soidade, Lois Peña Novo, Armanyá, Conde Pallares, fondo da praza Maior, Raiña, Santo Domingo, San Marcos, Bolaño Rivaneira, Quiroga Ballesteros e praza da Soidade.

Sábado (04/04)

VIRXE DA PIEDADE

Saída da Catedral por Pío XII, Bo Xesús, praza de Santa María, Casas Novoa, praza Maior por Franciscanos, paseo central da Praza Maior, Casas Novoa, praza de Santa María e remate en Pío XII.

Domingo (05/04)

SANTO ENCONTRO

Saída do Concello, cantóns da praza Maior, Casas Novoa, praza de Santa María, Bo Xesús e praza de Pío XII.

CRISTO RESUCITADO

Saída da praza de Santa María, praza Maior, rúa da Raiña, Santo Domingo, San Marcos e remate na igrexa de San Froilán.

25 marzo
Mércores

PREGÓN DE SEMANA SANTA

20,30 h **Igrexa parroquial de Santiago A Nova**
JOSÉ ANTONIO ROLDÁN LOZANO
Comandante Militar de Lugo e Xefe do
Campo de Maniobras e Tiro de Parga

Actuación do Cuarteto Lucense
Díese Ensemble



26 marzo
Xoves

II CONCERTO "A Música Tradicional Galega nas Marchas Procesionais"

19,00 h **Auditorio do Vello Cárcere**
Bruno Villamor Gay

27 marzo
Venres

20,30 h **SOLEMNE VÍA CRUCIS**
Praza Pío XII e Catedral Basilica de
Santa María de Lugo
Preside Mons. D. Alfonso Carrasco Rouco,
Bispo de Lugo
Sairá en procesión o paso do Cristo
da Misericordia venerado na igrexa de
Santiago A Nova, que será portado a
ombreiros de corenta mulleres



29 marzo

Domingo de Ramos

11,30 h BENDICIÓN DE RAMOS E PROCESIÓN DA ENTRADA TRIUNFAL DE XESÚS EN XERUSALÉN

(Organiza a Confraría da Entrada Triunfal de Xesús en Xerusalén)

19,00 h PROCESIÓN DA VIRXE DAS DORES
(Organiza a Confraría do Desencravo do Señor e das Maiores Dores de María Santísima)



28 marzo

Sábado

IX CONCERTO MÚSICA SACRA

19,00 h Igrexa parroquial de San Pedro
BANDA FILARMÓNICA DE LUGO
Director: Iván Martínez Sabio

30 marzo
Luns Santo

11,00 h e 19,00 h **EUCARISTÍA EN HONRA DA VIRXE DA ESPERANZA**

20,30 h **PROCESIÓN DA VIRXE DA ESPERANZA**
(Organiza a Insigne Confraría da Virxe da Esperanza)



31 marzo
Martes Santo

20,30 h **PROCESIÓN DO BO XESÚS E DO NAZARENO**
(Organiza a Episcopal e Catedralicia Confraría do Bo Xesús e do Nazareno).
Chegada a procesión á praza Maior, á altura do convento dos PP Franciscanos, producirase o **ENCANTRO DE MARÍA CON XESÚS CAMIÑO DO CALVARIO**





1 abril
**Mércores
Santo**

11,00 h **MISA CRISMAL**
Catedral Basílica Santa María de Lugo

20,30 h **PROCESIÓN DO SANTO CRISTO DO
PERDÓN E NOSA SEÑORA DA PIEDADE
VÍA CRUCIS PENITENCIAL**
(Organiza a Confraría do Santo Cristo do
Perdón e da Nosa Señora da Piedade)

2 abril
Xoves Santo

18,00 h **EUCARISTÍA DA SANTA CEA**
Catedral Basílica Santa María de Lugo
Ao remate da Eucaristía (aprox. ás 19,15 h)
PROCESIÓN DA SANTA CEA
(Organiza a Confraría Sacramental da
Santa Cea do Señor)





3 abril

Venres Santo

- 12,00 h** **SERMÓN DAS SETE PALABRAS**
Catedral Basílica Santa María de Lugo
- 18,00 h** **CELEBRACIÓN DA PAIXÓN DO SEÑOR**
Catedral Basílica Santa María de Lugo
- 18,30 h** **ACTO DO DESENCRAVO DO SEÑOR**
Igrexa conventual dos PP. Franciscanos
(Organiza a Confraría do Desencravo do Señor e das Maiores Dores de María Santísima)
- 20,00 h** **PROCESIÓN DO SANTO ENTERRO**
(Organiza a Orde Franciscana Segrar e a Confraría do Desencravo do Señor e das Maiores Dores de María Santísima)
Ás 20,15 h súmanse as demais confrarías a esta procesión, ao seu paso polo fondo da praza Maior
- 23,00 h** **PROCESIÓN DA VIRXE DA SOIDADE "AS CALADIÑAS"**
(Organiza a Orde Franciscana Segrar)



4 abril

Sábado Santo

**08,30 h PROCESIÓN PENITENCIAL DA VIRXE DA
PIEDADE, SANTO ROSARIO E VÍA CRUCIS**
(Organiza a Confraría do Santo Cristo do
Perdón e da Nosa Señora da Piedade)

23,00 h SOLEMNE VIXILIA PASCUAL
Catedral Basílica Santa María de Lugo



5 abril

Domingo de Pascua

11,40 h PROCESIÓN DO SANTO ENCONTRO

**12,00 h SOLEMNE MISA PONTIFICAL DE
RESURRECCIÓN**
Catedral Basílica Santa María de Lugo

**13,30 h Ao remate da Santa Misa, PROCESIÓN
DO CRISTO RESUCITADO**
(Organiza a Confraría da Entrada Triunfal
de Xesús en Xerusalén)

Outras celebracións

Do 19 ao 27 de marzo, ás 19,30 h
NOVENA DA VIRXE DAS DORES
Capela da Soidade
(Organiza a Orde Franciscana Segrar)

Día 29 de marzo, de 11,00 a 14,00 h
ADORACIÓN PÚBLICA DA IMAXE DO XESÚS NAZARENO
Catedral Basílica Santa María de Lugo
(Organiza a Episcopal e Catedralicia Confraría do Bo Xesús e do Nazareno)



Celebración do Triduo Pascual

PARROQUIAS E COMUNIDADES RELIXIOSAS

Parroquias	Xoves Santo		Venres Santo		Sábado Santo
	Misa da Cea do Señor	Hora Santa	Vía Crucis	Celebración da Paixón	Vixilia Pascual
S.I. CATEDRAL BASÍLICA	18:00 h	20:30 h	---	18:00 h	23:00 h
SAN PEDRO	17:00 h	---	---	---	---
SANTIAGO A NOVA	20:00 h	22:00 h	11:00 h	17:30 h	21:00 h
NOSA SEÑORA DAS FONTIÑAS	18:30 h	---	10:30 h	17:00 h	---
SAN FROILÁN	18:00 h	22:00 h	18:00 h	17:00 h	20:30 h
SAN ANTONIO	19:00 h	21:00 h	12:00 h	17:00 h	21:30 h
SAGRADO CORAZÓN	18:00 h	---	12:00 h	18:00 h	20:00 h
A MILAGROSA	17:00 h	22:00 h	12:00 h	17:00 h	21:00 h
SAN LORENZO DE ALBEIROS	17:00 h	20:00 h	12:00 h	17:00 h	20:00 h
SAN FRANCISCO XAVIER	17:00 h	22:00 h	11:00 h	17:00 h	22:00 h
BO PASTOR	20:00 h	---	19:30 h	20:00 h	22:00 h
SAN XOSÉ DAS GÁNDARAS	18:15 h	19:00 h	11:00 h	18:15 h	19:00 h
PP FRANCISCANOS	19:30 h	---	18:30 h	17:00 h	20:00 h
MM SALESA	17:00 h	---	---	16:00 h	20:00 h
MM AGUSTINAS	17:00 h	---	---	17:00 h	20:00 h
HERMANAS DE LA CRUZ	18:00 h	---	---	16:30 h	20:00 h
RESIDENCIA SAN ROQUE	16:00 h	---	---	16:00 h	20:00 h
CAPELA DA SOIDADE	16:00 h	---	---	15:00 h	---
SANTIAGO DE SAAMASAS	18:00 h	---	---	18:00 h	---

Horarios susceptibles de variación, confirmar con parroquia

